



Expediente núm.: 163/2016

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local

Acta da sesión: ORDINARIA

Día e hora da reunión: 3 DE FEBREIRO DE 2016, 14:00 HORAS.

Lugar de realización: DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA

Asistentes: ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL; SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

Ausentes:

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2015
- 2 Aprobación da acta da sesión extraordinaria e urxente, do 23 de decembro de 2015
- 3 Aprobación da acta da sesión extraordinaria e urxente, do 30 de decembro de 2015
- 4 Aprobación da acta da última sesión, sesión extraordinaria, do 25 de xaneiro de 2016
- 5 Licenzas
- 6 Comunicacions previas
- 7 Outros asuntos
- 8 Asuntos de urxencia
- 9 Rogos e preguntas

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASISTENTES:

ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA

Tenentes de alcalde:

DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL

DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 14:00 HORAS do día 3 de febreiro de 2016, reúnense nas dependencias da alcaldía da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN ORDINARIA, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ



(CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1 Aprobación da acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2015

Sometida a aprobación a acta da sesión ordinaria do 16.12.2015 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión ordinaria do 16.12.2015.

2 Aprobación da acta da sesión extraordinaria e urxente, do 23 de decembro de 2015

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria e urxente do 23.12.2015 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria e urxente do 23.12.2015.

3 Aprobación da acta da sesión extraordinaria e urxente, do 30 de decembro de 2015

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2015 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2015.

4 Aprobación da acta da última sesión, sesión extraordinaria, do 25 de xaneiro de 2016

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria do 25.01.2016 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria e urxente do 25.01.2016.

5 Licenzas

Solicitud de licenza definitiva de rehabilitación de vivenda unifamiliar, interesada por Cesáreo Varela Blanco



Acreditándose no expediente instruído ó efecto, que don Cesáreo Varela Blanco, con dirección fiscal na cidade de A Coruña, C/ Alcalde Jaime Hervada nº 33 Pl 7, Pta A, cumpriu os trámites e requisitos esixidos no momento de concesión da licenza urbanística municipal para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar, situada no lugar de Ximonde, na parroquia de Vilar de Donas, en Palas de Rei, a través de acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data do 18 de xullo de 2012, segundo os condicionantes impostos nos informes técnicos e sectoriais emitidos aos efectos, e conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Eduardo Barrón del Pozo, colexiado nº 3694.

Acreditándose no expediente instruído ó efecto, que se cumpriron os trámites e requisitos esixidos, a situación da edificación correspóndese coa que se recolle no proxecto técnico, a disposición dos elementos visibles da edificación axústase ó proxecto aprobado e documentación técnica aportada, e adoptáronse as medidas correctoras impostas, según informe-acta de comprobación de data do 21 de decembro de 2015, suscrita polo técnico don José Manuel Varela Martínez, e que obra no expediente.

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a licenza definitiva solicitada, sen mais trámites. O presente servirlle ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).



b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Solicitud de licenza urbanística municipal para demolición de almacén e construción de novo almacén e peche de parcela, interesada por M^a Livia Gómez Ferreiro e Alberto Rodríguez Taboada

Visto escrito de solicitude e proxecto técnico básico e de execución presentado por M^a. Livia Gómez Ferreiro e Alberto Rodríguez Taboada, con dirección a efectos de notificación no lugar de San Miguel de Coence nº 1, na parroquia de San Miguel de Coence, en Palas de Rei, no que solicita licenza municipal para “demolición de almacén e construción de novo almacén, e peche de parcela”, situados na parroquia de San Miguel de Coence, en Palas de Rei, conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Sonia Rodríguez Gómez colexiada nº 3916 do COAG.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico José Manuel Varela Martínez, en data do 12 de marzo de 2014.

Visto o informe xurídico emitido en data do 12 de maio de 2014, e que obra no expediente.

Visto o acordo adoptado pola xunta de goberno local en sesión ordinaria do 21 de maio de 2014, a través do cal se concede a M^a. Livia Gómez Ferreiro e Alberto Rodríguez Taboada, licenza urbanística municipal para demolición de almacén existente e peche de parcela, na parroquia de San Miguel de Coence, en Palas de Rei, conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Sonia Rodríguez Gómez colexiada nº 3916 do COAG.

Non autorizando a construción do novo almacén ou a nova edificación, mentres non se presentara documento de agrupación de parcelas para o cumprimento coa superficie mínima de parcela esixida pola normativa vixente.

Os promotores presentan en data do 19 de novembro de 2015, documentación da Delegación de Economía e Facenda de Lugo, Xerencia Territorial do Catastro, xustificativa de unión ou agrupación de parcelas, acreditando así o cumprimento de superficie mínima de parcela esixida pola normativa vixente.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto José Manuel Varela Martínez, en data do 14 de decembro de 2015.

Visto o informe xurídico emitido en data do 1 de febreiro de 2016, e que obra no expediente.



Visto todo o anterior, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a M^a. Livia Gómez Ferreiro e Alberto Rodríguez Taboada a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para “construción de novo almacén”, nunha parcela situada na parroquia de San Miguel de Coence, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta Sonia Rodríguez Gómez colexiada nº 3916 do COAG, e de acordo coa documentación presentada de xustificación de agrupación de superficies ou terreos.

Segundo. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Terceiro. A licenza queda suxeita a que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, e das condicións indicadas no informe técnico.

Cuarto. Proceder á liquidación de taxas ou dereitos que figuran no expediente segundo o presuposto de execución material provisional, e que ascenden a un total de corenta euros con once céntimos (40,11 €).

Quinto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos aos interesados para que procedan ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente



desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro.

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Solicitud de licenza urbanística municipal de ampliación de nave de porcino, a pedimento de S.A.T. Castrelo

Visto escrito de solicitude e proxecto técnico presentados por Manuel Fernández Varela en representación de S.A.T. Castrelo, con residencia a efectos de notificación no lugar de Vilareda, na parroquia de San Pedro de Vilareda, no municipio de Palas de Rei, no que solicita licenza urbanística municipal para a realización de obras maiores de “ampliación de nave de porcino”, na parroquia de San Pedro de Vilareda, no municipio de Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río, Colexiado N^o 300 do COITA Lugo.

Visto o informe técnico emitido en data do 4 de xaneiro de 2016, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto informe xurídico emitido en data do 1 de febreiro de 2016, e que obra no expediente.

Visto todo o anterior, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía n^o 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Manuel Fernández Varela en representación de S.A.T. Castrelo, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiros, a licenza urbanística municipal solicitada para obras maiores consistentes en “ampliación de nave de porcino”, na parroquia de San Pedro de Vilareda, no municipio de Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río, Colexiado N^o 300 do COITA Lugo.

Segundo. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.



Terceiro. Condicionar a concesión da licenza a que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, e das condicións indicadas no informe técnico.

Cuarto. Proceder á liquidación de taxas ou dereitos que figuran no expediente, correspondentes ás obras a realizar e que ascenden a un total de mil cincuenta e oito euros (1.058,00 euros).

Quinto. Dar traslado dunha copia da liquidación de taxas e dereitos ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

6 Comunicacions previas

NON SE PRODUCIRON



7 Outros asuntos

NON SE PRODUCIRON

8 Asuntos de urxencia

NON SE PRODUCIRON

9 Rogos e preguntas

NON SE PRODUCIRON

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás CATORCE HORAS E CORENTA MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

V. e pr.

SECRETARIO-INTERVENTOR,

ALCALDE,

Asdo.: IVAN PONTE MAHIA

Asdo.: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA